

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES, UNIÓN EUROPEA E COOPERACIÓN

14482 *Real decreto 561/2019, do 9 de outubro, polo que se completa a transposición da Directiva (UE) 2015/637 do Consello, do 20 de abril de 2015, sobre as medidas de coordinación e cooperación para facilitar a protección consular de cidadáns da Unión non representados en terceiros países e pola que se derroga a Decisión 95/553/CE.*

A protección e asistencia consulares dos españois no estranxeiro é tradicionalmente unha das funcións esenciais do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación e recóllese como un dos obxectivos da política exterior de España no punto 2 do artigo 2 da Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado.

Dentro deste ministerio, encoméndaselle tal función á Dirección Xeral de Españois no Exterior e de Asuntos Consulares, a través da rede de oficinas consulares, constituída polos consulados xerais e polas seccións consulares das misións diplomáticas de España no estranxeiro, como se establece nos puntos 1 e 2 do artigo 21 do Real decreto 1271/2018, do 11 de outubro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, e polo que se modifica o Real decreto 595/2018, do 22 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais.

O artigo 20, punto 2, letra c) do Tratado de funcionamento da Unión Europea (TFUE) concede o dereito dos cidadáns da Unión a acollerse, no territorio dun terceiro país en que non estea representado o Estado membro do que sexa nacional, á protección das autoridades diplomáticas e consulares de calquera Estado membro, nas mesmas condicións que os nacionais do dito Estado. Así mesmo, o artigo 23 do TFUE dispón por iso a adopción de directivas en que se establezan as medidas de coordinación e de cooperación necesarias para facilitar a protección consular dos cidadáns da Unión non representados en terceiros países. En cumprimento dese mandato aprobouse a Directiva (UE) 2015/637 do Consello, do 20 de abril de 2015, sobre as medidas de coordinación e cooperación para facilitar a protección consular de cidadáns da Unión non representados en terceiros países e pola cal se derroga a Decisión 95/553/CE.

Este dereito conságrase como un dereito fundamental europeo, recoñecido aos cidadáns da Unión non representados en terceiros países, polo que se poden acoller á protección consular nas mesmas condicións que os nacionais, como recolle o artigo 46 da Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea. É, por iso, unha expresión da solidariedade europea, achega unha dimensión exterior ao concepto de cidadanía da Unión e reforza a identidade da Unión en terceiros países.

As medidas de cooperación e coordinación recollidas na mencionada Directiva 2015/637 do Consello, do 20 de abril de 2015, que é o obxecto da transposición, diríxense a facilitar unha maior protección consular dos cidadáns da Unión non representados. Dese modo, estas medidas de cooperación e coordinación teñen como obxectivo aumentar a seguridade xurídica, así como fortalecer eficazmente a cooperación e solidariedade entre as autoridades consulares. O desenvolvemento desta importante función encontra abeiro na Convención de Viena sobre relacións consulares do 24 de abril de 1963, que os Estados membros aplican en cumprimento da lexislación da Unión. En virtude do artigo 8 da citada convención, os Estados membros poderán proporcionar protección consular en nome doutro Estado membro logo de notificación adecuada e sempre que o terceiro país afectado non se opoña.

Este real decreto establece tanto as definicións e os principios xerais da protección dos cidadáns europeos non representados como as medidas dirixidas a unha adecuada organización e coordinación entre os Estados membros da Unión, así como os mecanismos de identificación e intercambio de información e outros de índole financeira dirixidos ao reembolso dos gastos xerados pola asistencia consular prestada.

Para a transposición desta Directiva 2015/637 do Consello, do 20 de abril de 2015, ao dereito nacional interno, optouse por unha dobre vía. Por un lado, a transposición dos aspectos subxectivos e materiais do dereito á protección consular dos cidadáns europeos non representados en pé de igualdade cos nacionais representados, así como os aspectos relativos á existencia de reembolso dos gastos incorridos na protección consular dun cidadán europeo non representado en pé de igualdade cos nacionais, transposición que foi realizada a través da disposición derradeira terceira da Lei 3/2018, do 11 de xuño, pola que se modifica a Lei 23/2014, do 20 de novembro, de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea, para regular a orde europea de investigación, que engadiu as novas disposicións adicionais décimo sétima, décimo oitava e décimo novena á Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado. Por outro lado, para a transposición das cuestións de carácter procedemental, organizativo e técnico para facilitar o exercicio do dereito utilízase este real decreto.

Este real decreto ten como obxecto, por tanto, a transposición do contido da Directiva 2015/637 do Consello, do 20 de abril de 2015, que non fose obxecto de transposición na mencionada Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado. Trátase de establecer os mecanismos e procedementos de cooperación e coordinación cos outros Estados membros e a Unión para facer efectivo o exercicio do dereito á protección consular dos cidadáns europeos non representados. Estes mecanismos e procedementos de cooperación e coordinación son aspectos fundamentalmente técnicos da directiva, cuxa transposición ao dereito nacional interno español exixirá, ademais, a elaboración de instrucións específicas ás misións diplomáticas e oficinas consulares. É, por tanto, necesario que exista unha correcta correlación entre a directiva, o real decreto que a traspoña e as instrucións que se envíen e que permitirán, finalmente, a súa aplicación práctica.

Finalmente, a norma que agora se aproba respectou na súa elaboración os principios de boa regulación recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, adecuándose, en particular, aos principios de necesidade, eficacia e eficiencia, por canto constitúe o medio máis adecuado para a consecución dun fin de interese xeral como é a transposición ao dereito interno dos aspectos procedementais, organizativos e técnicos da Directiva (UE) 2015/637 do Consello, do 20 de abril de 2015, que garantan a adecuada asistencia consular aos cidadáns europeos non representados en terceiros países. En idéntica lóxica, este real decreto adecúase aos principios de proporcionalidade, seguridade xurídica e transparencia, contendo a regulación imprescindible para atender a necesidade que hai que cubrir.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, co informe favorable da ministra de Facenda e coa aprobación previa do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, por suplencia do ministro de Política Territorial e Función Pública en virtude do Real decreto 351/2019, do 20 de maio, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de outubro de 2019,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste real decreto o establecemento dos mecanismos e procedementos de cooperación e coordinación cos outros Estados membros e a Unión Europea (en diante, Unión) para facer efectivo o exercicio do dereito á protección consular

dos cidadáns europeos cando estes se encontren en terceiros países onde o Estado de nacionalidade non estea representado.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto enténdese por:

a) «Cidadán non representado»: todo aquel cidadán que teña a nacionalidade dun Estado membro da Unión Europea que non estea representado nun terceiro país. Os cidadáns que teñen a nacionalidade de máis dun Estado membro da Unión Europea deben considerarse non representados se ningún dos Estados dos que son nacionais está representado no terceiro país en cuestión.

b) «Carencia de representación nun terceiro país»: tal e como establece a disposición adicional décimo sétima.4 da Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, enténdese que un Estado membro da Unión Europea non está representado nun terceiro país se carece de misión diplomática ou oficina consular establecidas con carácter permanente no dito país, ou se carece de misión diplomática ou oficina consular ou consulado honorario no dito país que estea en disposición de proporcionar protección consular de maneira efectiva nun caso determinado.

Artigo 3. *Principios xerais da protección consular.*

1. Os cidadáns españois non representados teñen dereito a solicitar protección consular da oficina consular ou misión diplomática de calquera Estado membro da Unión representado no país terceiro nas mesmas condicións que os nacionais do dito Estado membro.

2. Os cidadáns doutros Estados membros da Unión naqueles países terceiros en que non estean representados teñen dereito a solicitar nas mesmas condicións que os españois protección consular da oficina consular ou á misión diplomática española acreditada.

3. Proporcionarase protección consular aos familiares que acompañen cidadáns non representados nun terceiro país e que non sexan pola súa vez cidadáns da Unión na mesma medida e baixo as mesmas condicións que se lles proporcionaría aos familiares dos cidadáns do Estado membro que preste asistencia, que non fosen pola súa vez cidadáns da Unión, de conformidade co dereito interno.

4. Os dereitos recoñecidos nos primeiros dous puntos anteriores exerceranse sen prexuízo do que establezan os acordos a que fai referencia o artigo 5.

Artigo 4. *Protección consular polo Estado da nacionalidade.*

O Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación poderá reclamar o exercicio directo da protección consular dos españois que solicitasen protección nun país non representado. Esta reclamación farase ao Estado membro que recibise a solicitude por parte do nacional español ou se estivese ocupando da protección consular do cidadán español.

Do mesmo modo, España renunciará a prestar a protección solicitada tan pronto como o Estado membro do que sexa nacional o cidadán non representado confirme que está proporcionando protección consular a este cidadán non representado.

En ambos os casos, a reclamación de protección consular dos propios nacionais farase por escrito.

Artigo 5. *Representación por outro Estado membro.*

1. Sen prexuízo do dereito dos cidadáns da Unión a solicitar protección á misión diplomática ou oficina consular de calquera Estado membro, un Estado membro da Unión Europea poderá representar de maneira permanente a España ou España a outro Estado

membro nun terceiro Estado, segundo os requisitos e modalidades que se establezan entre ambos os Estados membros.

2. As misións diplomáticas ou oficinas consulares de España poderán, cando o consideren necesario, alcanzar localmente acordos prácticos sobre a repartición de responsabilidades para a prestación de protección consular aos cidadáns non representados. Para iso deberán pedir a conformidade do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, a quen corresponde a obriga de informar a Comisión e o Servizo Europeo de Acción Exterior (SEAE) dese tipo de acordos, que se farán públicos por parte da Unión e os Estados membros para garantir a transparencia para os cidadáns non representados.

3. Nos casos en que exista un acordo como se recolle no punto anterior, a misión diplomática ou oficina consular de España a que o cidadán non representado solicite protección consular, e que non sexa considerada competente en virtude do acordo concreto en vigor, deberá asegurarse de que a solicitude do cidadán sexa redirixida á misión diplomática ou ao consulado pertinente, a menos que a protección consular se vexa comprometida, en particular, se a urxencia do caso require unha intervención inmediata por parte da misión diplomática ou oficina consular que reciba a solicitude. Para asegurar que a solicitude do cidadán se redirixa á misión diplomática ou ao consulado pertinente contactarase de forma directa coa misión diplomática ou co consulado que lle corresponda unha vez realizadas as tarefas de pesquisa necesarias e comunicarase a solicitude de protección consular do cidadán non representado.

Artigo 6. *Identificación.*

1. O solicitante de protección consular acreditará que é cidadán da Unión mediante a presentación do seu pasaporte ou documento de identidade ou a través de calquera outro medio que demostre a súa nacionalidade. Tamén poderá acreditarse mediante a comprobación ante as autoridades diplomáticas ou consulares do Estado membro do que declare ser nacional o mencionado solicitante.

2. Con respecto aos familiares acompañantes a que se fai referencia no artigo 3.3, poden probar a existencia e o tipo de relación familiar co solicitante por calquera medio, incluso mediante a comprobación ante as autoridades diplomáticas ou consulares do Estado membro do que sexa nacional o cidadán a que fai referencia o punto 1.

Artigo 7. *Tipos de asistencia.*

A protección consular a que se refire o artigo 1 poderá comprender, entre outros supostos, a asistencia nas circunstancias seguintes:

- a) detención ou prisión;
- b) ser vítima dun delito;
- c) accidente grave ou enfermidade grave;
- d) falecemento;
- e) axuda e repatriación en caso de emerxencia;
- f) necesidade de documentos provisionais de viaxe, como dispón a Directiva (UE) 2019/997 do Consello, do 18 de xuño de 2019, pola que se establece un documento provisional de viaxe da UE e que derroga a Decisión 96/409/PESC.

Artigo 8. *Procedemento para o intercambio de información entre os Estados membros.*

1. Cando unha misión diplomática ou oficina consular de España reciba unha solicitude de protección consular dunha persoa que se declare como cidadán da Unión non representado ou sexa informado dunha situación de emerxencia individual dun cidadán da Unión non representado, como as recollidas no artigo 7, consultará sen demora a Dirección Xeral de España no Exterior e de Asuntos Consulares do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, quen a transmitirá ao Ministerio de Asuntos Exteriores do Estado membro do que a persoa se declara nacional ou, se é o

caso, á misión diplomática ou á oficina consular competente do dito Estado membro. A misión diplomática ou a oficina consular de España proporcionará toda a información da que dispoña, en especial a identidade da persoa afectada, os posibles familiares e os posibles gastos de protección consular. Solicitarase toda a información relativa ao seu nacional non representado que sexa pertinente ao caso.

Excepto en casos de extrema urxencia, estas consultas terán lugar antes de que se preste a asistencia consular.

Así mesmo, deberase coordinar o intercambio de información entre o cidadán afectado e as autoridades do Estado membro da súa nacionalidade, co fin de establecer os contactos necesarios cos familiares, achegados ou outras persoas ou autoridades. Este labor de coordinación e comunicación será realizado pola misión diplomática ou oficina consular que recibise a solicitude de protección consular en colaboración coa Dirección Xeral de Españois no Exterior e de Asuntos Consulares do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

2. Cando se trate de solicitudes de protección consular de cidadáns españois non representados dirixidas a outros Estados membros, o órgano español competente para as consultas e para intercambiar a información correspondente será a Dirección Xeral de Españois no Exterior e de Asuntos Consulares do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, directamente ou a través da misión diplomática ou consulado de España competente. As consultas deben incluír toda a información dispoñible, en especial a relativa á identidade da persoa afectada, aos posibles familiares e aos posibles gastos da asistencia consular solicitada. As autoridades españolas competentes proporcionarán, pola súa vez, toda a información pertinente ao caso ao Estado que preste a protección consular.

Artigo 9. *Situacións de emerxencia.*

As misións diplomáticas de España deberán ter en conta os cidadáns da Unión Europea non representados no seu planteamento para as situacións de emerxencia, tendo en conta, se é o caso, os acordos mencionados no artigo 5 do mesmo modo que as misións diplomáticas dos outros Estados membros terán en conta os cidadáns españois non representados nun terceiro país na súa formulación para as situacións de emerxencia. Para iso coordinaranse coas outras misións diplomáticas dos Estados membros representados e coa delegación da Unión Europea.

Artigo 10. *Procedementos financeiros.*

1. Os españois que reciban protección consular doutro Estado membro ou, se é o caso, para os seus familiares non cidadáns da Unión que os acompañen, por carecer España de representación nos termos do artigo 2, comprometeranse a reembolsar no prazo máximo dun ano ao Tesouro Público de España os gastos desa protección consular, nas mesmas condicións que os nacionais do Estado membro que prestase a protección. En consecuencia, só cabe exixirles que reembolsen os gastos que fosen soportados polos nacionais do Estado membro que preste asistencia nas mesmas condicións. Para iso deberán asinar o formulario normalizado do anexo I deste real decreto que lles facilitará a misión diplomática ou oficina consular do Estado membro que prestase a protección.

2. Cando España preste asistencia consular a un cidadán da Unión non representado e, se é o caso, aos seus familiares non cidadáns da Unión que o acompañen, o Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, a través da Dirección Xeral de Españois no Exterior e de Asuntos Consulares, solicitará ao Estado membro do que sexa nacional o cidadán non representado o reembolso dos gastos desa asistencia, nas mesmas condicións que a un cidadán español, que se recollen no artigo 40.3 da Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado. Para iso usarase o formulario normalizado do anexo II deste real decreto. A este respecto, as misións diplomáticas e oficinas consulares de España facilitarán o formulario normalizado do anexo I aos cidadáns da Unión non representados que reciban protección consular de España, nas mesmas condicións que os cidadáns españois, para a súa sinatura. Con carácter previo, o Estado nacional do cidadán non representado será informado da dita asistencia e deberá comprometerse ao reembolso

dos gastos xerados por comunicación diplomática. O prazo para o reembolso non poderá superar os doce meses contados desde a data de sinatura do formulario.

Cando as autoridades do Estado membro do que é nacional o cidadán non representado remitan o seu compromiso de reembolso, a solicitude de asistencia será atendida polo Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, a través da Dirección Xeral de Españaís no Exterior e de Asuntos Consulares. O prazo para o reembolso non poderá superar tampouco os doce meses contados desde a data de sinatura do formulario.

3. Cando a protección consular prestada a un cidadán non representado en caso de detención ou prisión implique gastos indispensables e xustificadas inusualmente elevados, relacionados con viaxes, aloxamento e tradución para as autoridades diplomáticas ou consulares, o Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, a través da Dirección Xeral de Españaís no Exterior e de Asuntos Consulares, poderá solicitar o reembolso dos ditos gastos. O prazo para o reembolso non poderá superar os doce meses contados desde a data de sinatura do formulario.

Do mesmo modo, a Dirección Xeral de Españaís no Exterior e de Asuntos Consulares atenderá as solicitudes de reembolso dos gastos indispensables e xustificadas inusualmente elevados, relacionados con viaxes, aloxamento e tradución para as autoridades diplomáticas ou consulares, para a protección consular prestada a un español en caso de detención ou prisión.

Artigo 11. *Procedemento financeiro simplificado en situacións de crise.*

1. En situacións de crise, o Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, a través da Dirección Xeral de Españaís no Exterior e de Asuntos Consulares, presentará as súas solicitudes de reembolso dos gastos ocasionados pola asistencia prestada a un cidadán da Unión non representado ao Ministerio de Asuntos Exteriores do Estado membro da súa nacionalidade. Exixírase este reembolso aínda no caso de que o cidadán non representado non asinase o compromiso de devolución.

Do mesmo modo, a Dirección Xeral de Españaís no Exterior e de Asuntos Consulares atenderá as solicitudes de reembolso dos gastos ocasionados por toda a axuda prestada a españolaís nunha situación de crise. Poderase exixir este reembolso aínda no caso de que o cidadán español non representado non asinase o compromiso de devolución.

2. Poderase solicitar o reembolso dos gastos de maneira proporcional, dividindo o importe total dos gastos polo número de cidadáns asistidos.

3. Se o Estado membro que preste asistencia recibir axuda financeira en forma de asistencia por parte do Mecanismo de Protección Civil da Unión, as contribucións do Estado membro do que sexa nacional o cidadán non representado fixaranse despois de restar a contribución da Unión.

Artigo 12. *Protección de datos.*

No marco deste real decreto, a protección e o tratamento dos datos persoais rexeranse polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos). Tamén será de aplicación a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Disposición adicional única. *Informe á Comisión Europea.*

España proporcionará á Comisión Europea toda a información relativa á execución e aplicación deste real decreto con obxecto de que aquela poida presentar ao Parlamento Europeo e ao Consello da Unión Europea un informe de execución e aplicación da Directiva (UE) 2015/637, obxecto desta transposición, como moi tarde o 1 de maio de 2021.

Para iso, será a Dirección Xeral de Españois no Exterior e de Asuntos Consulares do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación a encargada de pedir a dita información, redactar un informe e comunicar os seus resultados.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.3.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre relacións internacionais.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

O presente real decreto completa a incorporación ao dereito interno da Directiva (UE) 2015/637 do Consello, do 20 de abril de 2015, sobre as medidas de coordinación e cooperación para facilitar a protección consular de cidadáns da Unión non representados en terceiros países e pola que se derroga a Decisión 95/553/CE.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento, execución e aplicación.*

Autorízase o ministro de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución do presente real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de outubro de 2019.

FELIPE R.

O ministro de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación,
JOSEP BORRELL FONTELLES

ANEXO I

A. Formato común: compromiso de devolución dos gastos de protección consular en caso de asistencia económica
COMPROMISO DE DEVOLUCIÓN DOS GASTOS DE PROTECCIÓN CONSULAR
(ASISTENCIA ECONÓMICA) — [Artigo 14, punto 1, da Directiva (UE) 2015/637]

O que abaixo asina (nome e apelidos en maiúsculas)

titular do pasaporte nº expedido en
recoñece ter recibido da embaixada/consulado de
..... en
a suma de
en concepto de adianto para
..... (incluídas as taxas aplicables)
e comprométese a devolver, cando llo requiran, ao Ministerio de Asuntos Exteriores/Goberno de [Estado membro do que é nacional]
de conformidade coa lexislación nacional do dito Estado membro, o equivalente da suma citada ou o equivalente de todos os gastos satisfeitos no seu nome ou que lle fosen adiantados, incluídos os gastos xerados polos seus familiares, en (divisa).....
ao tipo de cambio efectivo na data en que se lle entregou o anticipo ou en que foron pagados os gastos.

Enderezo (*) (con maiúsculas) (país)

.....

DATA SINATURA

(*) Se se carece de enderezo fixo, indíquese un de contacto.

B. Formato común: compromiso de devolución dos gastos de protección consular en caso de repatriación
COMPROMISO DE DEVOLUCIÓN DOS GASTOS DE PROTECCIÓN CONSULAR (REPATRIACIÓN) —
[Artigo 14, punto 1, da Directiva (UE) 2015/637]

O que asina abaixo (nome e apelidos en maiúsculas)

Nado/a en (cidade) en (país)
o (data)
titular do pasaporte nº..... expedido en
o e do documento de identidade nº
e do número da Seguridade Social e autoridade competente (se procede/cando corresponda)
.....
comprométese a devolver, cando llo requiran, ao Goberno de
.....
de acordo coa lexislación nacional do dito Estado membro, o equivalente á suma dos gastos satisfeitos no seu nome ou que lle fose adiantado polo funcionario consular do Goberno de
..... en
para cubrir, ou en relación coa súa repatriación a
e coa dos membros da súa familia acompañantes, e a aboar todas as taxas consulares correspondentes á dita repatriación.

A saber:

- i) (*) Billetes
Mantemento
Varios
MENOS a contribución feita por el mesmo
TAXAS CONSULARES:
Repatriación
Asistencia
Pasaporte/taxas por urxencia
(... horas a ... por hora ...)

- ii) (*) Todas as sumas desembolsadas no seu nome para gastos de repatriación ou en relación coa súa repatriación e coa dos membros da súa familia acompañantes, e que non se poden calcular exactamente no momento de asinar este compromiso.

Enderezo (**) (en maiúsculas) (país)

.....

.....

.....

DATA..... SINATURA

(*) Rísquese o que corresponda: o funcionario consular e o solicitante consignarán as súas iniciais na marxe de cada documento.

(**) Se se carece de enderezo fixo, indíquese un de contacto.

ANEXO II

Formulario de solicitude de reembolso

SOLICITUDE DE REEMBOLSO [Artigo 14, puntos 2 e 3, da Directiva (UE) 2015/637]

1. Embaixada ou consulado do Estado membro que presenta a solicitude.
2. Estado membro do que é nacional o cidadán asistido (embaixada ou consulado competente ou Ministerio de Asuntos Exteriores).
3. Circunstancias do feito (data, lugar).
4. Datos dos cidadáns asistidos (para achegar por separado).

Nome e apelidos	Lugar e data de nacemento	Nome e número do documento de viaxe	Asistencia prestada	Gastos
-----------------	---------------------------	-------------------------------------	---------------------	--------

5. Total de gastos.
 6. Conta bancaria para o reembolso.
 7. Documento adxunto: compromiso de devolución (se procede).
- _____